

## DÍA DAS LETRAS 2023: FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



O Día das Letras 2023 homenaxea a **Francisco Fernández del Riego**, ensaísta, narrador e político xurdido no seo do *Grupo Nós*, que levou a cabo un intenso e extenso labor intelectual a prol da lingua, podéndose destacar o propio feito da conmemoración do Día das Letras Galegas existir, xa que foi un dos **promotores** da idea.

De nome completo Francisco Jesús Benito Antonio, Fernández del Riego **naceu** na localidade mariñá de Lourenzá o 7 de xaneiro de **1913**, no seo dunha familia ribadense acomodada. Primoxénito de once fillos, o seu pai fixera fortuna na Habana despois de se ter presentado voluntario para a *Guerra de Cuba*.

Mentres, os seus avós maternos eran importantes propietarios de terras e casaríos na comarca.



O neno Francisco cos seus pais Vicente Fernández e Amada del Riego.



Francisco realiza o seu **bacharelato** entre Lourenzá e Monforte de Lemos, mentres que a súa vida **universitaria** ligouse ás universidades Complutense de Madrid e de Santiago, vivindo na primeira delas o inicio da *II República*, e comezando a se interesar polas obras de *Rosalía de Castro* e *Vicente Risco*. Desta época é a súa pertenza ao *Seminario de Estudos Galegos* e ao *Partido Galeguista de Castelao*.

A *Guerra Civil* supuxo a súa **inhabilitación** como docente na Universidade de Santiago (BOE do 8 de novembro de 1937). Recibiu sanción por parte do *Tribunal de Orde Pública*, o que o obrigou a se agochar durante algún tempo. Pero acabou por se incorporar ao exército, participando en varias batallas como a célebre do *Ebro*. En **1940**, o *Tribunal de Responsabilidades Políticas* abriulle expediente, inhabilitándoo durante tres anos e un día para cargos públicos. Ese mesmo ano casaba en Vigo, matrimonio do que non tería fillos.

En **1947** sería detido novamente, pero foi finalmente exculpado, proseguindo fiel coas súas actividades intelectuais e políticas, e así, en **1950** é cofundador da editorial *Galaxia*, mentres que nos anos **60** dirixe a revista *Grial* a aquela ligada, onde publicou de xeito asiduo artigos e recensións literarias; e é membro da *Real Academia Galega*, da

que sería presidente en 1997, e do *Partido Socialista Galego* xunto con *Xosé Manuel Beiras*.

O 20 de marzo de **1963**, co gallo do centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de *Rosalía de Castro*, na mente de Fernández del Riego calla a idea de institucionalizar unha homenaxe á lingua e literatura galegas, mediante a celebración dun día dedicado. A Academia galega aproba a proposta na sesión ordinaria do 28 de abril dese mesmo ano, fixándose como tal o día 17 de maio.

A **obra** de Francisco destaca polos seus estudos sobre lingua e literatura, contribuindo así ao fortalecemento do status da lingua e coñecemento das súas letras, do que se converteu en pilar fundamental. Así, é autor dunha *Historia da literatura galega* e dun *Dicionario de escritores en lingua galega*. Consciente da importancia da ligazón do galego ao ámbito lusobrasileiro, como xeito necesario e ineludíbel de revitalizar e impulsar a lingua, escribe tamén *Escritores de Portugal e Brasil*, e mesmo se adentra nas literaturas francesa e inglesa con *Letras do noso tempo*.

Nese labor de impulso do galego, escribe tamén diversos libros de vocabulario, traballo de recompilación fundamental de conservacionismo do idioma. Autor asimesmo de biografías e de literatura de viaxes (*As peregrinacións xacobeas*, 1984), adentrouse no ámbito da narrativa en 1992 con *O cego de Pumardedón*, inspirado na Guerra Civil, e constituíndo unha auténtica metáfora da realidade sociopolítica da época ao través do protagonista, un home que queda cego co estourido dunha granada. En 2004 publicou en Galaxia as súas memorias, *Camiño andado*.



Membro de distintas fundacións, seminarios, museos e asociacións coa cultura galega como motivo, Don Francisco vinculouse ao longo da súa vida á cidade de Vigo, á que doaría a súa colección de libros, base da *Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego*, recibindo en consecuencia **condecoracións** como a *Medalla de Ouro* da cidade ou o doutoramento *Honoris Causa* pola súa universidade. Foi tamén

posuidor da *Medalla Castelao*, entre outras distincións.

O 26 de novembro do **2010**, Adrián Solovio, Adrián Soutelo, Cosme Barreiros ou Alevín, pseudónimos cos que asinou ao longo da súa vida, Don Francisco **falecía** na cidade olívica aos 97 anos de idade, deixando tras de si unha prolífica existencia ao servizo da nosa lingua e patrimonio cultural. As súas cinzas repousan no cemiterio da Ramallosa de Nigrán.

Desde o **Equipo de Dinamización da Lingua** do **CEIP Santa Baia**, sumámonos á homenaxe deste pai da lingua e cultura galegas citando unha das súas frases máis célebres, claro reflexo das súas vivencias sociopolíticas e aplicable a calquera tempo en beneficio da harmonía e convivencia das distintas linguas, culturas e pobos:

*A cultura non se pode politizar seitariamente, perténcelle ao país.*

**EDLG, CEIP Santa Baia, Boiro**